



Paradoxalmente é a propia Unión Europea quen mellor obxectiviza o impacto letal que para os sectores produtivos galegos tivo e segue a ter a incorporación do Estado español na UE. Logo da exclusión da nosa frota cefalopodeira dos caladoiros mauritanos, en beneficio da doutros territorios europeos e mesmo de Andalucía, a nova Política Agraria Común (PAC) e o seu réxime de axudas vén a golpear cunha nova mazada o noso sector primario. Segundo o avanzado as axudas da nova PAC volverán colocar as explotacións galegas como as que menor compensación reciben no conxunto do Estado. Os 168 millóns previstos para Galiza representan apenas o 3,5% dos 4.800 millóns que recibirá no seu conxunto o Estado, malia que o noso país representa en termos económicos un 6% e particularmente o peso do noso agro fica por riba desa porcentaxe.

No cerne desta discriminación que prexudica gravemente os intereses galegos, tal e como denunciaron a Federación Rural Galega (FRUGA) e outras organizacións agrarias, están os criterios establecidos pola UE e o Ministerio de Agricultura para o reparto. Ese baremo ten producido historicamente que o 20% que representan as grandes explotacións, nomeadamente latifundistas, reciban a meirande parte das axudas en detrimento das pequenas e medianas. Un dato estarrecedor é que face os 910.000 preceptores de axudas o réxime agrario da seguridade social apenas rexistra 350.000 afiliacións.

De feito unha das críticas que historicamente se teñen formulado desde o agrarismo galego é que os criterios comunitarios permiten que reciban axuda explotacións pantasma, sen apenas actividade produtiva, ao exixir que unicamente o 10% dos ingresos proveñan da explotación agrícola. En troca, para reverter esta situación o BNG e a FRUGA veñen de propor a modificación deses parámetros, obrigando a que o preceptor dedique cando menos o 50% do seu tempo de actividade ao agro.

Outra das claves deste moi discutido reparto está na medida. Na extensión das explotacións. O actual criterio beneficia a grandes latifundistas como Mario Conde, a Casa de Alba ou a familia Domeq, fronte as explotacións máis pequenas. Singularmente en Galiza este efecto está agravado por que a media de extensión das explotacións se sitúa arredor das 15 hectáreas de terreo. De aí que outra das propostas do Bloque e o sindicalismo agrario nacionalista sexa primar precisamente as 30 primeiras hectáreas, permitindo o acceso ás

Nova PAC, novo golpe ao agro galego

Escrito por Xabier P. Igrexas

Mércores, 22 Xaneiro 2014 04:02

axudas do sector vitivinícola e da horta,. Aliás, reivindicán tamén que se fixe un tope máximo das contías das axudas en 100,000€ en lugar dos 300,000€ actuais, para favorecer un reparto máis equitativo.

O portavoz nacional do BNG, o economista Xavier Vence, exixía tamén o recálculo das axudas a Galiza defendendo que as nosas explotacións deberan recibir por volta do dobre da cantidade inicialmente consignada. Un reclamo xusto, que porén non foi secundado polo Goberno galego, quen máis unha vez volve axir de brazos caídos permitindo un novo desagravio europeo contra un dos nosos sectores estratéxicos.

Porén, amais das demandas concretas fronte uns criterios obxectivamente prexudiciais para a nosa terra, cómpre tamén profundar na análise, denunciando que este réxime de axudas foi implementado como un paliativo para aminorar os gravísimos efectos dunha política agraria comunitaria que supuxo o peche dun moi importante número de explotacións e que ten colocado, por exemplo, o sector lácteo galego ao bordo do esmorecemento definitivo (a pesar de producir o 40% do total estatal). Só nos últimos cinco anos no sector agrario en Galiza destruíronse 11.000 postos de traballo. 1.500 no ano pasado.

É por iso que se cadra a proposta máis importante, polo seu alcance estratéxico, das formuladas polo nacionalismo face a nova PAC sexa a necesidade de nos dotar como país dun Plano de Desenvolvemento Rural de noso, focado a desenvolver con toda a intensidade as nosas potencialidades produtivas. Un desenvolvemento que como se volve ver, colida unha e outra e outra vez co muro europeo. Máis unha razón para nos revolver contra esta UE que nos arruína.

Xabier P. Igrexas | www.contradiscorso.net